



Coa colaboración de:

VICHY
LABORATOIRES



www.cruzroja.es 902 22 22 92



**Está na túa
man**

VICHY
LABORATOIRES



Humanidade Imparcialidade Neutralidade Independencia Voluntariado Unidade Universalidade

Cada vez máis preto das persoas



Este verán quérete moito

O verán e as vacacións adoitan ser momentos axeitados para gozar cos nosos/as fillos/as. Tomar certas precaucións pode evitar accidentes e situacións desagradables. Ademais, é un bo momento para que os máis pequenos empecen a tomar conciencia sobre a necesidade de aprender condutas que eviten, na medida do posible, os accidentes típicos do verán.

A prevención tamén se aprende

Invitámoste a que te transformes en promotor/a da saúde dos teus fillos/as. Utiliza o xogo das marionetas para explicarlles a importancia de protexerse do sol, na auga ou de coidar o medio. Aproveita este material para pasar un anaco divertido cos teus fillos/as, ao mesmo tempo que lles ensinas a evitar riscos e gozar con seguridade. A mellor forma de aprender é xogando.


Mensaxes claves

Con cada unha das marionetas podes ensinalles condutas preventivas:

- + **Coidado co sol:** o sol é un bo amigo pero pódete facer dano se non te protexes. Ademais, a pel e os ollos dos nenos/as son máis sensibles. Utiliza camiseta cando esteas baixo o sol.
- + **Respecta as bandeiras:** e tamén fai caso aos socorristas, e nunca te vaias bañar en solitario ou sen avisar os maiores.
- + **Ponte crema:** así evitarás queimaduras. E recórdalles ós maiores que tamén teñen que aplicarlle.
- + **Usa as papeleiras:** respecta aos animais e ás plantas. Todos temos que coidar a Natureza.
- + **Bebe auga:** necesitas moito líquido para sentirte ben. Bébea en abundancia, toma froita, e non esquezas protexer a túa cabeza do sol.

Está na túa man

Teñas a idade que teñas, coida a túa saúde, a das persoas que che rodean, goza con seguridade, evita os riscos... porque quererte moito... está na túa man!



¡Recorta pola
liña de puntos
e fai a túa
propia
marioneta
de dedo!

